

## a ledicia de ler

# A voltas coa Asociación de Escritores

Por CARLOS CASARES

Nos últimos días xurdiron ante o público dous proxectos para a creación dunha Asociación de Escritores Galegos. Un radicado en Vigo e outro na Coruña. Hai xa moitos meses que nesta sección nos pronunciamos sobre a necesidade de que os escritores se asociaran, dadas as ventaxas que delo se podían derivar, sobre todo para o país. O que os escritores como colectividade poden facer é moito e deixar de facelo sería unha grave responsabilidade.

Compre en primeiro lugar que rachemos o aillamento de que somos vítimas. A cultura galega, por circunstancias complexas que todos coñecemos e que sería moi difícil analizar aquí, carece de proxección fora de Galicia incluso na súa área de expansión normal luso-brasileira. Quen participamos recentemente nos encontros galego-portugueses en Guimarães e no Porto, sabemos por experiencia o descoñecemento que existe entre os escritores dos dous países, que non contribúen a aminorar as excelentes relacións personales que podan existir en casos individuais e concretos.

O ano que ven vaise celebrar en Formentor un encontro de escritores suecos con escritores peninsulares. Están invitados os membros das asociacións española e catalana, sin que polo momento poidan asistir os galegos por carecer dun órgano que

os represente. Hai uns meses, membros destas mesmas dúas asociacións asistiron en Estocolmo a unha reunión cos escritores de aquel país, faltando unha vez mais a representación galega. Quen esto escribe asistirá o próximo inverno a unha reunión na capital de Suecia, pero a título puramente individual, beneficiándose mais que nada da xenerosidade duns cantos amigos que desexan coñecer qué é eso da cultura galega.

Difundir polo mundo adiante a produción bibliográfica galega é mais unha cuestión de organización e vontade que unha dificultade real. A impresión dun pequeno boletín anual, traducido ao inglés, encargado de levar as novas do publicado en galego durante o ano, non é costoso nin require un gran esforzo. A edición deste folleto podía ser unha das tarefas que se podían encomendar a unha Asociación Galega de Escritores. Tamén podía ser misión desta entidade a organización anual dun congreso internacional de literatura, con asistencia de escritores extranxeiros. Da seriedade e a credibilidade que conseguiran os escritores galegos asociados dependería en gran parte conseguir interesar a determinadas institucións culturais e financeiras no proxecto.

Naturalmente que a Asociación de Escritores non pode agotarse somentes en todo o que queda indicado, como é ló-

xico. Aparte da defensa dos intereses profesionais dos seus asociados, de concienciar aos periódicos do país para que prescindan de non poucas colaboracións de axencia que veñen de Madrid e que podían perfectamente ser substituídas por colaboracións de galegos, coa ventaxa ademáis de que deste xeito se iría prefigurando na prensa galega unha imaxe cada vez mais real do noso país; a parte de todo isto, digo, poderíanse planificar e organizar cursos anuais de literatura galega en colaboración cos Institutos, as Escolas, as Bibliotecas Municipales e a propia Universidade.

En fin, as posibilidades que se nos ofrecen son moitas e insisto en que sería unha responsabilidade grave non afrontalas. Os peligros que se nos presentan non son poucos. Personalmente ao que mais lle temo é á ideoloxización da Asociación. Compre que os responsables se dean conta de que a vida política ten uns canles xa establecidos, que son os partidos políticos, e que un colectivo como éste é, pola súa propia natureza, plural. Levalo a bandazos, según o grufiño que o «instrumentalice» en cada momento, é condenalo xa de antemán á inoperancia, ao desprestixio e á esterilidade mais absolutas. A Asociación debe ser de todos. Os traballos concretos que ela non faga, non os farán outros por ela.